

5 *desenvolvemento*
DESENVOLVEMENTO
territorial
TERRITORIAL

O estudo da situación das infraestructuras parte da información facilitada pola Fundación BBV, o INE, o Ministerio de Fomento, o Parque Tecnolóxico de Galicia, RENFE, Aeroportos Españoles y Navegación Aérea (AENA), Portos de Galicia, Portos del Estado, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), a SEPES e o IGE. Contará cunha primeira parte adicada á análise das infraestructuras de transporte, unha segunda parte centrada no estudo do investimento en materia de infraestructuras hidráulicas e, finalmente, tratarase o tema dos parques tecnolóxicos e empresariais.

Como punto de partida da situación das infraestructuras en Galicia, o **cadro 5.1.1.** reflicte o *stock* de capital neto público en Galicia e o seu peso relativo no total estatal. Como se pode apreciar, o *stock* de capital neto público territorializado en Galicia aumenta en termos relativos no período 1991-1994, ó pasar do 6,40% do ano 1991 ó 6,67% de 1994. Este aumento débese ó crecemento do peso relativo do *stock* de capital público e total das Administracións públicas territorializadas, xa

que o peso do total das infraestructuras “non Administracións públicas” descende do 1,31% do 1991 ó 1,12% de 1994.

No caso do *stock* de capital neto público das Administracións públicas, prodúcese un aumento tanto do *stock* do capital social como do productivo, aínda que, neste último caso, apréciase un descenso do peso relativo das estruturas urbanas das corporacións locais e das infraestructuras ferroviarias.

Por outra banda, cómpre salientar que Galicia dispoñía de 29.947 entidades singulares de poboación (o 48,9% do total das existentes en España), o que supón un maior esforzo adicional en infraestructuras.

Infraestructuras de transporte terrestre

As infraestructuras de transporte adquiren un papel importante como instrumento de cohesión territorial, xa que permiten unha maior integración do espazo e unha maior accesibilidade. As infraestructuras de Galicia, recollidas nos **cadros 5.1.2.** e **5.1.3.**, reflicten os seguintes datos

CADRO 5.1.1. Stock de capital neto público territorializado 1991-94: clasificación funcional

(en millóns de pesetas de 1990)

	1991	1992	1993	1994
Carreteras	334.146	362.046	395.233	450.836
G/E (%)	6,997	6,915	6,955	7,394
Infraestructuras hidráulicas	114.638	122.968	134.322	142.310
G/E (%)	3,713	3,879	4,064	4,151
Estructuras urbanas CC.LL.	98.692	102.216	107.762	112.844
G/E (%)	5,301	5,248	5,316	5,105
Portos	27.706	31.787	34.682	39.914
G/E (%)	17,510	17,885	17,571	18,230
Ferrocarril	68.680	66.645	64.949	65.516
G/E (%)	3,039	2,842	2,696	2,679
Total capital público productivo	643.862	685.662	736.948	811.420
G/E (%)	5,302	5,325	5,410	5,635
Educación	191.439	202.162	212.081	218.735
G/E (%)	7,664	7,679	7,750	7,711
Sanidade	76.516	81.029	87.516	90.254
G/E (%)	7,179	7,248	7,510	7,572
Total capital público social	267.955	283.191	299.597	308.989
G/E (%)	7,519	7,551	7,679	7,670
Só CC.LL. e CC.AA.	291.990	333.557	366.916	392.132
G/E (%)	7,970	8,184	8,301	8,304
Total AA.PP. territorializado	1.203.807	1.302.410	1.403.461	1.512.541
G/E (%)	7,038	7,097	7,187	7,307
Autoestradas soc. conc.	96.015	99.274	96.704	94.928
G/E (%)	8,772	9,144	9,064	9,127
Portos OO.AA. non AA.	53.033	54.224	54.721	55.431
G/E (%)	8,260	8,246	8,133	8,055
Aeroportos	10.647	10.419	10.926	11.721
G/E (%)	0,471	0,444	0,454	0,479
Total infraestructuras non AA.PP.	159.695	163.917	162.352	162.080
G/E (%)	1,315	1,273	1,192	1,125
Total	1.363.502	1.466.327	1.565.812	1.674.621
G/E (%)	6,404	6,479	6,561	6,677

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de *Fundación BBV, El stock de capital en España y su distribución territorial (1998)* e *Fundación BBV, El stock de capital ferroviario en España y sus provincias: 1845-1997 (1999)*

de interese: a rede de estradas de Galicia está composta por 17.068 quilómetros, o que significa que a comunidade galega dispón de 58 quilómetros de estradas por cada 100 Km² e de 6,22 km por cada 1.000 habitantes, cifras superiores á media estatal, que son de 32 e 4,11, respectivamente.

En relación ó investimento medio na rede de estradas no período 1993-97, **cadro 5.1.4.**, Galicia é a terceira comunidade na que máis se inviste por habitante,

detrás de Cantabria e Navarra, con 28,66 millóns de pesetas por cada 1.000 habitantes, cando a media estatal é de 17,18 millóns de pesetas por cada 1.000 habitantes. Se a comparación se fai atendendo ós investimentos por quilómetro de rede, Galicia ocuparía a oitava posición, con 4,61 millóns de pesetas/km (a media estatal é de 4,19 millóns no mesmo período).

Nos Presupostos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 1998 recóllense os

CADRO 5.1.2.
Lonxitude da rede de estradas nas CC.AA. 1996-97

(en quilómetros)

	1996			1997		
	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado
Andalucía	24.743	3.139	1.152	24.685	3.142	1.195
Aragón	10.086	2.132	383	10.111	2.153	405
Asturias	4.764	679	136	4.774	688	151
Baleares	2.189	-	-	2.194	-	-
Canarias	4.362	-	-	4.326	-	-
Cantabria	2.575	545	115	2.581	548	121
Castela-A Mancha	18.454	3.305	790	18.480	3.323	817
Castela e León	32.430	4.518	804	32.556	4.563	847
Cataluña	11.859	1.902	710	11.936	1.913	717
C. Valenciana	8.408	1.757	715	8.409	1.814	800
Estremadura	8.621	1.342	267	8.786	1.339	267
Galicia	16.760	1.937	367	17.068	2.064	494
Madrid	3.338	585	473	3.358	594	482
Murcia	3.571	575	253	3.571	575	253
Navarra	3.766	39	39	3.766	39	39
País Vasco	4.319	199	195	4.339	200	196
A Ríoxa	1.795	417	135	1.795	417	135
Ceuta e Melilla	60	60	-	60	25	-
Total	162.100	23.131	6.534	162.795	23.397	6.919

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.3.
Índices da rede nacional de estradas 1996-97 ⁽¹⁾

	1996				1997			
	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes ⁽²⁾	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes ⁽²⁾	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes ⁽³⁾	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes ⁽³⁾
Andalucía	0,28	3,38	121,83	412,11	0,28	3,42	127,31	435,49
Aragón	0,21	8,37	53,48	447,30	0,21	8,51	55,10	469,11
Asturias	0,45	4,26	94,79	404,14	0,45	4,39	96,59	423,69
Baleares	0,44	2,78	264,47	734,70	0,44	2,89	276,54	797,93
Canarias	0,60	2,67	205,39	549,14	0,58	2,69	219,36	590,69
Cantabria	0,49	4,75	89,01	422,96	0,49	4,89	92,11	450,72
Castela-A Mancha	0,23	10,66	40,72	434,14	0,23	10,79	42,32	456,65
Castela e León	0,34	12,55	33,72	423,13	0,35	12,98	34,70	450,36
Cataluña	0,37	1,90	291,95	556,02	0,37	1,96	299,03	596,08
C. Valenciana	0,36	2,09	249,95	521,63	0,36	2,10	260,26	545,87
Estremadura	0,21	7,83	49,89	390,81	0,21	8,21	50,93	418,12
Galicia	0,57	5,93	73,70	437,23	0,58	6,22	74,74	464,96
Madrid	0,42	0,64	850,00	547,57	0,42	0,67	876,57	586,09
Murcia	0,32	3,22	151,63	487,82	0,32	3,25	158,99	517,45
Navarra	0,36	7,02	74,10	520,48	0,39	7,23	77,16	558,21
País Vasco	0,59	2,03	210,55	426,78	0,61	2,07	216,25	447,23
A Ríoxa	0,36	6,69	67,26	450,17	0,36	6,78	69,94	473,86
Total	0,32	4,01	120,55	483,00	0,32	4,11	124,61	511,60

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación de dereito, rectificación do Padrón Municipal de habitantes a 1-1-95

(3) poboación de dereito, rectificación do Padrón Municipal de habitantes a 1-5-96

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.4. Investimentos medios na rede de estradas nas CC.AA. 1993-97 (1)

	Administracións públicas		Estado		Entes Territoriais		Administracións públicas		Estado		Entes Territoriais		
					Total	Comunidades Autónomas	Deputacións e Cabildos				Total	Comunidades Autónomas	Deputacións e Cabildos
					(en millóns de pesetas/1000 haits). (2)				(en millóns de pesetas por quilómetro de rede)				
Andalucía	15,07	9,69	5,38	4,28	1,10	4,41	22,25	1,80	2,90	0,73			
Aragón	19,38	15,22	4,16	2,97	1,19	2,28	8,39	0,62	0,65	0,55			
Asturias	27,10	16,18	10,92	10,92	-	6,18	25,60	2,91	2,91	-			
Baleares	6,29	-	6,29	5,51	0,78	2,25	-	2,18	2,91	0,78			
Canarias	9,82	-	9,82	8,08	1,74	3,88	-	3,65	6,56	1,19			
Cantabria	37,40	32,91	4,49	4,49	-	8,10	33,81	1,16	1,16	-			
Castela-A Mancha	28,24	14,01	14,23	12,09	2,14	2,62	7,22	1,61	2,63	0,50			
Castela e León	26,68	16,18	10,50	7,45	3,05	2,06	8,90	0,94	1,67	0,46			
Cataluña	12,77	5,01	7,76	7,07	0,69	6,52	15,96	4,71	7,91	0,92			
C. Valenciana	15,56	8,72	6,84	5,61	1,23	7,42	19,28	4,16	8,07	1,29			
Extremadura	21,95	13,61	8,34	5,90	2,44	2,70	10,88	1,23	1,81	0,66			
Galicia	28,66	18,93	9,73	7,47	2,26	4,61	25,16	1,78	4,00	0,63			
Madrid	8,63	6,70	1,93	1,93	-	12,90	56,63	3,50	3,50	-			
Murcia	16,68	12,45	4,23	4,23	-	5,13	23,77	1,55	1,55	-			
Navarra	30,45	-	30,45	30,45	-	4,21	-	4,25	4,25	-			
País Vasco	15,56	-	15,56	-	15,56	7,53	-	7,89	-	7,89			
A Rioxa	16,58	11,03	5,55	5,55	-	2,45	7,01	1,07	1,07	-			
Total	17,18	9,52	7,66	5,78	1,88	4,19	16,14	2,18	3,16	1,12			

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) calculada a partir dos datos da Rectificación do Padrón a 1-1-1995

Fonte: *Ministerio de Fomento*

CADRO 5.1.5.
Proxecto de investimentos das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes 1997-98
(en miles de pesetas)

413 A Ordenación e inspección do transporte terrestre		1997	1998
600	Infraestructura e melloras de accesos	226.449	137.000
623	Maquinaria, instalacións e utensilios		14.000
634	Material de transporte		8.000
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	23.551	41.000
413 B Construcción, conservación e explotación de estradas		1997	1998
600	Infraestructura e melloras de accesos	15.117.999	8.860.690
610	Infraestructuras e melloras de accesos	3.305.001	2.900.000
623	Maquinaria, instalacións e utensilios	90.000	50.000
625	Mobiliario e útiles	55.000	10.000
626	Equipos para proceso de información	35.000	10.000
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	450.000	265.185

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 5.1.6.
Investimentos en estradas, portos e obras hidráulicas da CPTOPV 1997-98

Organismo	Concepto	1997	1998	98/97
		<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>(%)</i>
D.X. Obras Públicas	Estrada (413B, 600, 610)	18.423	11.761	-6.662
Portos de Galicia	Portos (presuposto de capital)	2.937	3.267	330
Augas de Galicia	Obras hidráulicas (Cap. VI)	9.613	16.142	6.529
Obras e Servicios Hidráulicos	Obras hidráulicas (presuposto de capital)	20	20	0
Total		30.993	31.190	197

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

principais programas das direccións xerais de Obras Públicas e de Transportes, **cadro 5.1.5.** O investimento para a construción, conservación e explotación de estradas ascendeu a 12.096 millóns de pesetas, un 36,5% menos que o presuposto para o ano anterior.

O **cadro 5.1.6.** recolle a evolución de investimento realizado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en carreteras, portos e obras públicas. Nel apreciase que o descenso de investimento da D.X. de Obras Públicas en 1998 (6.662 millóns de ptas.) é similar ó crecemento (6.529 millóns) do total investido por Augas de Galicia nese mesmo ano.

No ano 1998, o estado inaugurou

dentro de Galicia un total de 307,6 quilómetros de estradas, dos que 136 correspondían á autovía do Noroeste e 171,6 á autovía das Rías Baixas.

O remate da construción das autovías galegas estaba previsto para 1998. Sen embargo, neste ano non se remataron os tramos correspondentes ó porto de Pedrafita, na autovía do Noroeste.

O **investimento en infraestructuras ferroviarias**, recollido no **cadro 5.1.7.**, no período 1994-97 ascendeu a 10.939 millóns de pesetas, o que representa o 1,91% do total investido no estado nese período. En 1998, Renfe investiu en Galicia un total de 1.793 millóns de pesetas, o que supuxo un crecemento do 15,8% no total investido sobre o ano anterior. Un

CADRO 5.1.7. **Investimentos en infraestructuras e stock de capital neto ferroviario 1994-97**

	Investimentos			Stock		
	Galicia (en millóns de pesetas)	España (en millóns de pesetas)	G/E (%)	Galicia (en millóns de pesetas)	España (en millóns de pesetas)	G/E (%)
1994	3.813	135.171	2,82	65.516	2.445.758	2,68
1995	3.330	126.934	2,62	65.591	2.472.033	2,65
1996	1.945	139.289	1,40	64.290	2.508.434	2,56
1997	1.851	172.046	1,08	62.924	2.574.873	2,44

Fonte: Fundación BBV. El stock de capital ferroviario en España v sus provincias. 1845-1997 (1999)

CADRO 5.1.8. **Investimentos de Renfe 1997-98: distribución por destino do investimento**

1997

(en millóns de pesetas)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (1)
Mantemento de infraestructuras	132	373	217	191	970
Circulación	19	6	22	7	427
Pasos a nivel	31				31
Rexionais	1				1
Transporte combinado	1				1
Estacións comerciais	27		6	2	36
Cargas			2	10	49
Mantemento integral de trens				1	1
Patrimonio e urbanismo				33	33
Total	211	379	247	244	1.549

1998

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (1)
Mantemento de infraestructuras	266	289	306	189	1.050
Circulación	164	23	8	74	269
Dirección de proxectos e coordinación	7	4			11
Rexionais	13				13
Transporte combinado	2				2
Estacións comerciais	17		16	1	34
Cargas		3	1	3	7
Tracción				3	3
Mantemento integral de trens			1	4	5
Direccións corporativas		4			4
Patrimonio e urbanismo			5	121	126
Total	738	323	337	395	1.793

(1) total= investimentos en cada provincia + investimentos destinados a varias provincias á vez
Fonte: Renfe

CADRO 5.1.9. **Investimentos totais de Renfe 1997-98**

	1997 (en millóns de pesetas)	1998 (en millóns de pesetas)	98/97 (%)
A Coruña	211	469	122,3
Lugo	379	323	-14,8
Ourense	247	337	36,4
Pontevedra	244	395	61,9
Varias provincias	468	269	-42,5
Total	1.549	1.793	15,8

Fonte: Renfe

CADRO 5.1.10. Infraestructuras ferroviarias 1998: estacións, quilómetros de vía e pasos a nivel

	Estacións	Quilómetros de vía		Pasos a nivel	
		Km. de vía	Km. electrific.	número	%/Km. vía
A Coruña	43	260		107	0,41
Lugo	25	192		173	0,90
Ourense	23	180		42	0,23
Pontevedra	38	241		94	0,37
Total	129	891	276	416	0,47
Total rede de Renfe	1.881	12.303	6.854	4.422	0,36
G/E (%)	6,86	7,24	4,03	9,41	

Fonte: Renfe e Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

58,6% desta cantidade adicouse ó mantemento de infraestructuras, e un 15,0% á circulación, segundo os datos recollidos no **cadro 5.1.8.**

Desagregando o estudio por provincias, o **cadro 5.1.9.** reflicte un descenso do investimento na provincia de Lugo, en tanto que nas outras tres provincias produciuse un aumento do mesmo.

No que á **infraestructura ferroviaria** se refire, **cadro 5.1.10.**, en 1998 había en Galicia un total de 129 estacións, que representaban o 6,86% do total das estacións existentes en España. O número de quilómetros de vía ascendeu en 1998 a 891, cun peso relativo do 7,24% no total español.

O número de pasos a nivel en Galicia era, segundo datos de Renfe, de 416, un 9,41% do total español (hai 4.422 pasos a nivel en toda España, segundo datos aportados no Plan decenal ferroviario 1998-2007). En relación coa lonxitude da rede, en Galicia existen 0,47 pasos a nivel por cada quilómetro de vía férrea, media que ascende a 0,90 pasos/km. na provincia de Lugo. No caso de España, ese ratio é de 0,36.

O stock de capital neto ferroviario, **cadro 5.1.7.**, experimenta un descenso continuo no que o seu peso no total espa-

ñol se refire, pasando do 2,68% de 1994 ata o 2,44% en 1997.

En febreiro de 1998, a Administración autonómica asinou un acordo co Ministerio de Fomento en materia de investimentos, que contempla uns investimentos por valor de 30.000 millóns de pesetas a cinco anos para a modernización da rede interior do ferrocarril. En agosto do mesmo ano asinou un novo acordo con Renfe, mediante o que se destinan outros 30.000 millóns de pesetas para a mellora da rede interior. Así mesmo, contéplase unha partida de 12.000 millóns máis para a compra de material móbil, como é a adquisición de 21 trens tipo TRD.

Finalmente, a obra prevista en Galicia polo Plan de Empresa do tren de vía estreita (FEVE) consigna un investimento por un valor de 1.700 millóns de pesetas ata o ano 2002.

Infraestructuras portuarias
e aeroportuarias

O investimento en infraestructuras portuarias ascendeu a 8.734 millóns de pesetas en 1998. Deste importe, 5.345 millóns corresponden ó investimento nos sete portos de interese xeral (Galicia absorbeu o 9,13% do total investido pola

CADRO 5.1.11.

Investimentos do Estado nos portos de interese xeral 1997-98

	1997	1998	98/97
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>(%)</i>
Ferrol-San Cibrao	423	414	-2,2
A Coruña	2.074	1.675	-19,2
Vigo	2.305	2.271	-1,5
Vilagarcía	526	413	-21,5
Marín-Pontevedra	650	572	-12,0
Total	5.978	5.345	-10,6
Total Portos do Estado	60.040	58.521	-2,5
G/E (%)	9,96	9,13	-0,8

Fonte: Puertos del Estado

CADRO 5.1.12.

Investimentos de Portos de Galicia nos portos galegos 1997-98

	1997	1998	98/97
	<i>(en pesetas)</i>		<i>(%)</i>
A Coruña	1.058.670.644	850.893.508	-19,63
Lugo	327.079.158	557.883.493	70,57
Pontevedra	1.740.957.306	1.980.200.419	13,74
Total	3.126.707.108	3.388.977.420	8,39

Fonte: Portos de Galicia

CADRO 5.1.13.

Investimentos en infraestruturas aeroportuarias 1997-98 e previsións 1999

(en millóns de pesetas)

	1997	1998	Total 1994 - 1998	Previsións 1999
A Coruña	125,4	490,2	2.561,3	259,8
Santiago	807,9	283,6	2.460,0	618,8
Vigo	115,9	126,7	2.934,9	348,2
Total	1.049,2	900,5	7.956,2	1.226,8
Total aeroportos españois	73.105,1		256.873,0	92.324,7
G/E (%)	1,44		3,10	1,33

Fonte: AENA

Administración central nos portos do estado en 1998). Os 3.389 millóns restantes corresponden ó investimento de Portos de Galicia nos portos galegos.

• Portos de interese xeral do Estado.-

O investimento nos sete portos galegos de interese xeral ascendeu a 5.345 millóns de pesetas en 1998, un 10,6% menos que no ano anterior, cando se investiu un total de

5.978 millóns de pesetas. O **cadro 5.1.11.** desagrega o investimento total por portos e reflicte que tódolos portos de Galicia experimentaron unha redución no volume total de investimento en comparación co investido no ano anterior.

• Portos da Comunidade Autónoma.-

O resto dos portos de Galicia investiron nas infraestruturas portuarias un total de

3.389 millóns de pesetas, un 8,39% máis que en 1997. Como amosa o **cadro 5.1.12.**, o descenso no investimento nos portos de A Coruña (19,63%) é máis que compensado polo investimento de Pontevedra e Lugo. Os portos desta última provincia rexistraron un crecemento dos investimentos do 70,7% respecto ó ano anterior.

Os cinco portos máis favorecidos, segundo o volume total do investimento, foron os de O Grove, Bueu, Viveiro-Celeiro, A Guardia e Noia, que recibiron o 35% do total investido.

No caso das **infraestructuras aeroportuarias**, o **cadro 5.1.13.** reflicte que o peso galego no total dos investimentos aeroportuarios nos últimos anos foi dun 3,1%.

O investimento total nos aeroportos galegos decrece desde 1994, ano en que o investimento nas infraestructuras acadou o seu máximo nivel. Así, o investimento decrece un 14,2% respecto ó ano anterior, para situarse nos 900,5 millóns de pesetas investidos en 1998.

O aeroporto de Vigo foi o que recibiu un maior volume de investimentos, cun total de 2.934,9 millóns de pesetas nos últimos 5 anos, o que representa o 36,9% do total investido nos aeroportos galegos nos últimos anos. Os outros dous aeroportos (Santiago e A Coruña) recibiron, respectivamente, o 30,9% e o 32,2%.

Concretando no ano 1998, o aeroporto de A Coruña foi o que máis investimentos recibiu, cun total de 490,2 millóns de pesetas (o 54,4% do total investido nos aeroportos galegos en 1998). A partida máis importante destinouse á adecuación da pista e campo de voo, con 329,7 millóns de pesetas.

O aeroporto de Santiago investiu un total de 283,6 millóns de pesetas, o 31,5% do total investido nos aeroportos galegos en 1998. Finalmente, o aeroporto de Vigo investiu un total de 126,7 millóns de pesetas, é dicir, o 14,1% do total investido en 1998.

Infraestructuras hidráulicas

En materia de infraestructuras hidráulicas, o **cadro 5.1.14.** reflicte os diferentes tipos de obras levadas a cabo por Augas de Galicia nos dous últimos anos. En 1998, o investimento ascendeu a 15.927 millóns de pesetas, un 26,45% máis que no ano anterior.

Salienta o apartado adicado ás redes de saneamento, que acolle o 48,28% do total investido, seguíndolle en importancia o investimento nas estacións depuradoras de augas residuais. Sobresáe tamén o forte crecemento en 1998 do investimento en encauzamentos e defensas de avenidas, que crece un 250,6% respecto ó ano anterior, para situarse nos 1.746 millóns de pesetas investidos no último ano.

Parques tecnolóxicos e empresariais

Os **parques tecnolóxicos** están orientados cara a empresas e institucións con alto nivel tecnolóxico e innovador como son, entre outros, as industrias de transformación da madeira ou sectores da automoción, agroalimentario, téxtil ou de rochas ornamentais.

O **cadro 5.1.15.** presenta unha comparación entre as diferentes características dos parques tecnolóxicos españois segundo a Asociación de Parques Tecnolóxicos de España. Tal e como reflicte este cadro,

CADRO 5.1.14.

Investimentos de Augas de Galicia 1997-98: distribución por tipo de obra

	1997	1998	98/97
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>(%)</i>
Redes de saneamento	5.297	7.689	45,16
Estacións depuradoras de augas residuais	3.800	4.038	6,26
Captacións, construción de depósitos e redes de distribución de auga	1.881	1.598	-15,05
Presas, recrementos e melloras	318	498	56,60
Estacións de tratamentos de auga potable	801	358	-55,31
Encauzamentos e defensas de avenidas	498	1.746	250,60
Total	12.595	15.927	26,45

Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CADRO 5.1.15.

Parques tecnolóxicos en España 1998

	superficie total	superficie parcelas	parcelas	prezos venda
	<i>(m2X1000)</i>			<i>(pts/m2)</i>
Alava	1.172	585		
Alicante	1.300	en fase previa de recalificación e ordenación da superficie		
Andalucía	1.685	781	variable	12.201
Asturias	610	200	50	5.500
Barcelona	50			
Boecillo	450	variable	56	6.000
Galicia	514	280	70	7.500
Gijón	220	50	31	15.000
León		sen datos		
País Vasco	1.876	699	27	12.000
Palma de Mallorca	1.400	269	55	
San Sebastián		sen datos		
Sevilla	459			
Univ. Alcalá		sen datos		
Vallés	581		26	22.000
Vigo		en tramitación urbanística		

Fonte: Asociación de Parques Tecnolóxicos de España

o Parque Tecnolóxico de Galicia (PTG), ubicado en San Cibrao de Viñas, é un dos que menos superficie total ten e tamén é un dos máis baratos, con 7.500 pesetas por metro cadrado, superado por Asturias e Boecillo.

Respecto ás empresas instaladas e ó sector a que pertencen, **cadro 5.1.16.**, en 1998 había un total de 21 empresas. O sector industrial era o que máis empresas acollía con 3, seguido do sector da agroindustria, téxtil e enxeñería con 2 empresas.

En 1998, a distribución do capital social do PTG non variou, sendo a Xunta

de Galicia quen ten unha maior participación, co 49%, seguida da Deputación de Ourense, co 21%.

Ó carón destes parques tecnolóxicos existen en Galicia, a 31 de decembro de 1998, un total de 23 **parques empresariais** operativos promovidos polo IGVS e o Xestur, que ofertan un total de 1.017 parcelas e unha superficie comercial de 2.176.107 metros cadrados. O **cadro 5.1.17.** recolle os datos máis salientables en relación a estes parques empresariais e a súa agrupación por provincias. Os parques empresariais que presentan unha maior superficie comercial son os de

CADRO 5.1.16.
Empresas instaladas no Parque Tecnolóxico de Galicia a 31-12-1998

Actividade	Empresas	Plantilla	Superficie ocupada (m ²)
Agroindustria	Coren CTI	35	11.500,0
	Coren I+D	9	279,8
Docencia	Universidade de Vigo	2	29,8
Enxeñería	Akrom Ingenieros	4	25,3
	Corcontrol S.A.	7	142,8
Forestal	CIS-Madera	12	224,2
Industrial	Aukor	4	36,2
	Pazos M.I., S.L.	2	20,0
	Metrologia	14	443,2
Infografía	Desinor, S.L.	2	23,7
Informática	AICA	2	22,5
Materiais avanzados	UMA Ibérica, S.A.	8	4.217,8
Metroloxía legal	Lab. Industria	2	50,9
Químico	Dufralit, S.L.	8	41,3
Relacións Iberoamérica	Programa Bolívar	1	24,0
Sanitario	Masse-CROM, S.L.	2	46,8
Servicios	Coren RRHH	2	42,8
Telecomunicacións	Egatel	32	399,8
Telemática	Sistemas de Compresión S.L.	4	52,5
Téxtil	Adolfo Domínguez S.A.	8	59,2
	Plural, Diseño y Moda, S.L.	2	20,0

Fonte: Parque Tecnolóxico de Galicia

CADRO 5.1.17.
Parques empresariais promovidos polo IGVS e Xestur operativos a 31-12-1998

	Superficie total	Superficie comercial	Parcelas	Superficie das parcelas
A Coruña				
Arzúa	38.825	32.000	19	de 600 a 6.000 m ²
Melide	111.778	48.327	49	de 625 a 3.275 m ²
Somozas	325.953	215.134	11	de 15.000 a 77.000 m ²
Ordes	71.877	52.665	33	de 907 a 3.341 m ²
Ponteceso	59.748	36.793	72	de 300 a 1.129 m ²
Ribeira-Xaras	123.000	80.365	47	de 500 a 10.500 m ²
Lugo				
Meira	75.708	48.800	34	de 445 a 20.744 m ²
Cervo	116.958	46.079	25	de 408 a 3.990 m ²
Castro	42.399	24.860	31	de 522 a 2.494 m ²
Vilalba	272.136	199.810	103	de 510 a 13.226 m ²
Bóveda	37.694	26.388	30	de 666 a 1.280 m ²
A Pontenova	60.876	37.192	44	de 224 a 1.842 m ²
INF (fase 1ª)	120.674	74.339	67	de 563 a 4.608 m ²
Pastoriza	44.190	29.880	39	de 675 a 1.816 m ²
Ourense				
Pereiro de Aguiar	148.552	99.674	45	de 999 a 7.547 m ²
Sarreus	580.844	408.374	1	408.374
O Carballiño	116.241	73.533	40	de 820 a 8.000 m ²
Xinzo	133.971	78.086	36	de 1.036 a 3.218 m ²
Pontevedra				
Lalín	307.734	179.920	105	de 968 a 23.066 m ²
Pontevedra	343.291	216.411	87	de 856 a 7.142 m ²
Silleda	101.230	73.059	44	de 858 a 7.531 m ²
Vilagarcía	86.233	56.342	43	de 610 a 1.686 m ²
Bueu	66.016	38.076	12	de 1.217 a 8.240 m ²

Fonte: IGVS

CADRO 5.1.18.

Investimentos de Sepes 1996-98

(en pesetas)

Municipio	Actuación	1996	1997	1998	Total
A Coruña					
A Coruña	Bens	428.419	1.041.932	1.485.946	2.956.297
	Lugar de Vio	31.432.090	127.460	25.976.560	57.536.110
Bergondo	Bergondo	3.994.626	5.570.341	60.814.786	70.379.753
	Longueira			1.281.250	1.281.250
Santiago	Boisaca (PAU 34)		531.863.486	45.865.374	577.728.860
	Tambre-Naves		393.971	1.868.905	2.262.876
Curtis	Curtis-Teixeiro	42.344.497	14.152.730	15.846.696	72.343.923
Ferrol	Ensenada Gandara	2.922.654	315.084	90.012	3.327.750
Cambre	Espíritu Santo	81.600.326	60.771	5.542.541	87.203.638
Narón	La Boyeira	3.577.622	7.364.075	6.471.600	17.413.297
	Río do Pozo	1.905.825	3.453.997	16.691.916	22.051.738
Fene	Vilar do Colo 1ª fase	46.978.272	176.317.724	340.931.380	564.227.376
Pobra do Caramiñal	A Tomada	28.349.745	1.258.541		29.608.286
Carral	Os Capelos	39.967	100.943.024	3.266.966	104.249.957
Lugo					
Lugo	O Ceao	1.510.950			1.510.950
Sarria	Morelle	193.082.846	40.600.528	90.711.612	324.394.986
Total		437.739.420	882.421.732	615.359.598	1.935.520.750

Fonte: Sociedad Estatal de Promoción y Equipamiento de Suelo

Sarreaus, en Ourense; Pontevedra e Lalín, na provincia de Pontevedra; Somozas, en A Coruña; e Vilalba, en Lugo.

mentos, o 85,3%, realizouse na provincia de A Coruña. ■

A diferenza dos datos de 1997, no ano 1998 hai 4 parques empresariais operativos máis, un en cada provincia. Estes novos parques son os de Ribeira-Xaras, na provincia de A Coruña; Pastoriza, en Lugo; O Carballiño, en Ourense; e o parque empresarial de Bueu, na provincia de Pontevedra.

Pola súa banda, a SEPES realizou en 1998 uns investimentos por un valor de 615,4 millóns de pesetas, fronte ós 882,4 millóns do ano anterior. Como reflicte o **cadro 5.1.18.**, a meirande parte dos inves-